

# Galiza pola Soberanía, os Dereitos Sociais e os Servizos Públicos.

**Esta reforma da  
Constitución é unha fraude !**



**A CIG, a Organización Galega de Montes en Man Común, o BNG, Adegas, os Comités, FRUGA, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, a AS-PG, Galiza Nova, a Liga Estudiantil Galega, Plataforma en Defensa dos Servizos Sociais Públicos, Galiza Cultura, MEU, Rede Galega de Empresas** manifestamos:

Os cidadáns e os cidadás teñen neste momento a percepción de que a crise que estourou en Novembro de 2008 non só afecta gravemente a economía, e por tanto ás súas condicións de vida, senón tamén a Democracia e a forma en que as institucións representativas da vontade popular están a actuar para remontar a situación.

A decisión dos partidos que configuran o bipartidismo español de proceder a reformar por vía exprés a Constitución española para incorporar un principio básico do paradigma neoliberal -o límite ao déficit público- pon de manifesto que o propio sistema de representación político atravesará unha grave crise de lexitimidade.

Estamos a falar dunha reforma partidista no sentido estrito do termo, ao incorporar ao ordenamento xurídico unha opción ideolóxica non neutra -o principio neoliberal de antepor o combate ao déficit a, por exemplo, á loita contra o desemprego-, o que de facto deixa fóra da Constitución as alternativas que si poñen o acento na defensa dos intereses das clases populares e de países que, como Galiza, carecen de soberanía.

Teñamos en conta que con esta Constitución na man só son constitucionais as políticas monetaristas ortodoxas -que sempre son as que máis favorecen ao capital financeiro- e non o serían aquelas que no pasado se revelaron como exitosas no manexo de crises da envergadura da actual (as políticas do New Deal que permitiron remontar a Grande Depresión de 1929 non serían posíbeis con esta reforma).

Unha reforma que ademais se formula deliberadamente como un ataque ás competencias das comunidades autónomas, cuxa dependencia política a respecto do Estado se ve enormemente reforzada, o que constitúe unha clara involución a respecto da Constitución de 1978. Coa reforma na man, será materialmente imposible calquer avance das comunidades autónomas cara á autonomía fiscal. Isto é especialmente lesivo para Galiza, un país que precisa de ter un maior control dos seus recursos para desenvolver políticas que lle permitan avanzar na converxencia en renda e financiar o desenvolvemento dos sectores produtivos estratéxicos da súa economía.

O que resulta especialmente grave é advertir como esta reforma non é se non un paso máis -politicamente, quizá o máis grave- na escalada de recortes sociais perpetrada e pactada por PSOE (desde o goberno do Estado) e PP (desde o goberno da Xunta).

Primeiro comezaron conxelando as pensións e reducindo os salarios dos funcionarios, logo continuaron abaratando os despedimentos e subindo os impostos indirectos,

# Galiza pola Soberanía, os Dereitos Sociais e os Servizos Públicos.

**Esta reforma da  
Constitución é unha fraude !**



aqueles que gravan máis aos que menos teñen. Fixérono coa suposta intención de tranquilizar os chamados mercados, sen pensar en que realmente os poderes públicos están antes que nada para tranquilizar a cidadanía. Mais tampouco calmaron os especuladores. Se a prima de risco estaba en Maio de 2010 en 130 puntos, momento en que se lanzou o Goberno do Estado a rebaixar o gasto público en 15.000 millóns de euros, a principios de Agosto de 2011 a débeda española tiña un diferencial coa alemá que se achegaba aos 400 puntos. Isto evidencia o fracaso das políticas practicadas. Se houbese algunha dúbida, os días posteriores á aprobación da reforma da Constitución voltou a incrementarse a prima de risco e voltou a caír a bolsa.

A Alternativa non pasa por que actores non democráticos e non eleitos polo pobo -o capital financeiro que controla os mercados- sexan os que ditén as políticas aos parlamentos e aos gobernos. A Alternativa pasa por rachar con políticas que se acaban de demostrar como fracasadas e inútiles e pasa, portanto, por cambiar de rumbo.

A Alternativa pasa por un programa de reformas verdadeiramente democrático e favorable aos intereses das maiorías sociais e de países como o noso. Hai que reformar o sistema financeiro, para penalizar a especulación e garantir o crédito a particulares e empresas; o sistema fiscal, para asegurar o seu carácter progresivo e fornecer as Administracións públicas de recursos suficientes; e a propia configuración do Estado, para garantir a plena autonomía fiscal das nacións que nel cohabitan e a existencia dun abano de competencias verdadeiramente exclusivas que non podan ser invadidas polo poder estatal.

Por último, a Alternativa ten que ser radicalmente democrática, o que conleva a necesidade de submeter a referendo as modificacións substanciais, e esta o é, da Constitución.

Por todo isto, distintas organizacións do ámbito social, político e sindical do País convocamos un grande acto público o día 17 de Setembro na Praza da Quintana, ás 18 horas, baixo o lema *Pola Soberanía, os Dereitos Sociais e os Servizos Públicos. Esta reforma da Constitución é unha fraude.*

É un acto aberto a toda a cidadanía e a todos colectivos sociais que se queiran engadir.

É o momento de defender o país e de defender as maiorías sociais á quen os poderes económicos e o bipartidismo español lle queren pasar en exclusiva a factura da crise.